



El Reino de Dios está en vosotros

Lev Tolstói. Tradución do ruso por Joaquín Fernández-Valdés Roig-Gironella.

Ed. Kairós, Barcelona 2016, 426 p.

Calquera lector occidental minimamente afeccionado a lectura, ten lido algo dos grandes clásicos rusos Fedor Dostoyevski (1821-1881) e Lev Tolstói (1828-1910). Quen non se achegou nalgunha ocasión as páxinas de *Crimen y castigo* ou *Los hermanos Karamázov* do primeiro; ou ás de *Guerra y paz* e *Anna Karénina* do segundo? Canto non aprendemos deles! Particularmente, os que buscamos na lectura non só pasatempo, senón unha boa literatura que, ademais de ben escrita, teña riqueza de valores, de pescuda no fondo do ser humano e da sociedade, de loita da fe e loita da vida... Oxalá estea trabucado, pero éme unha mágoa ver que gran parte da mocidade actual, tan atada a entretementos electrónicos que supoñen menos esforzo, xa non lea maiormente esta literatura tan enriquecedora; oxalá me equivoque na miña apreciación, pero...

Indo a Tolstói, o máis lonxevo e prolífico dos escritores ru-

sos, seguramente moitos leron as dúas grandes obras citadas; posiblemente outros moitos leron tamén algúns dos seus maravillosos *Contos*, ou outras novelas como *Los cosacos* ou *La muerte de Iván Ilic*. Pero, posiblemente, moitos menos teñen lido a novela *Resurrección*, que conta a súa experiencia de fe, e moitos menos aínda os seu ensaios *Confesión*, *En qué consiste mi fe?* ou *El Reino de Dios está en vosotros*; textos escritos tras da crise existencial e espiritual que tivo o autor ruso ao rematar *Anna Karenina*. Para os que si chegaron a ler algún destes últimos libros... parabéns!

Eu non cheguei a este último até recentemente. Coñecía o «evanxelismo utópico ruso» de Tolstói, que reflicten estas últimas obras do «forte eslavo», como lle chama Otero Pedrayo; mesmo aludín a el no meu primeiro libro, vai xa para trinta anos, ao falar de Otero, con quen tanto aprendín, Risco e

Cuevillas (*A xeración Nós. Galleguismo e relixión*, Vigo 1988, páxs. 75-77). «A lonxana Rusia que nós admirabamos tanto pola súa literatura, o seu orientalismo e o seu cristianismo evanxélico», escribe F. Cuevillas («Dos nosos tempos»); Otero fala fascinado da «exemplaridade dos Evanxeos menores», como chama ás obras de Tolstói («Verbas evanxélicas»).

Como tantas cousas, *El Reino de Dios está en vosotros* quedou moitos anos no fondo da miña memoria; quizais por non ter acceso a esa mítica obra, ao non estar traducida ao español e ser pouco doado atopar unha edición francesa ou inglesa dela. O interese por esa obra veu para min hai un ano por medio dunha curiosa reviravolta. Lendo unha magnífica novela dun autor menos coñecido Gilbert Sinoué, *La nuit de Maritzburg*, sobre a estancia e a conversión de Mahatma Gandhi en Sudáfrica; atopei que o libro preferido do gran líder indio, o que o converteu ao pacifismo radical, foi precisamente este libro de Tolstói. Gandhi chega a escribir: «*El reino de Dios está en ti*, de Tolstói, marcoume para sempre». O volume que estou a

comentar remata coa breve correspondencia establecida entre Gandhi e Tolstói, cara ao final da vida deste.

De seguida púxenme a buscar unha posible edición española, e atopei a edición de Kairós que estou a comentar. Era a primeira vez que este longo texto de Tolstói aparecía en español (aínda que a edición que lin é de 2017, a primeira é do 2010, no centenario da morte del Tolstói). O texto xa vira a luz hai máis dun século; en 1894 en Alemaña, tras ser censurado no seu país de orixe, Rusia, a pesar de ser o obra cume do pensamento cristián do gran escritor ruso, segundo propia confesión do autor nas primeiras páxinas. As razóns desta censura eran evidentes: a obra é un ataque frontal ás meirandes institucións do seu país entón: o estado, o exército e a Igrexa.

Tolstói desenvolve aquí unha idea que manifesta de xeito reiterativo ao logo das máis de 400 páxinas: que a mellor sociedade posible é a que Xesús Cristo manifesta no Evanxeo, sobre todo no sermón da montaña. Unha sociedade baseada no pacifismo radical, no respec-

to absoluto polo outro, negándose a responder ao mal co mal; e, polo tanto, abolindo os castigos e a pena de morte, abolindo o exército que leva aos pobos aos matadoiros das guerras. Un ideal, insiste Tolstói que deseguida traizoou a Igrexa nos primeiros séculos, e mesmo desde a tradición apostólica. Tolstói carga contra as institucións que ao longo da historia prexudicaron enormemente á humanidade e a comprensión cristiá da vida; tanto os poderes civís como relixiosos, porque sempre utilizaron e xustificaron o emprego da violencia. Por iso, cristiáns, relixiosos doutras relixións e ateos resultan igualmente culpables.

Particularmente, a Igrexa perverteu o ensino de Xesús ao facer posible conciliar dous conceptos totalmente incompatibles: violencia e relixión. O momento máis grave deste proceso de perversión foi, como xa dixo o noso Curros, cando a Igrexa se botou «nos brazos de Constantino»; o que levou a esta a moverse por uns intereses que non eran os evanxélicos. Tolstói empeza o libro, precisamente, dicindo por que non cre na doutrina da Igrexa; a princi-

pal razón é que non reconece o mandamento xesuánico sobre a non resistencia ao mal coa violencia; cousa que practicou toda a súa historia, salvo casos excepcionais, e algúns dos líderes destes grupos (usitas, memnotitas, cuáqueros, etc.) foron axustizados, como Jonh Hus no século XV. Non é de estrañar que Tolstoi fora excomungado polas autoridades da Igrexa ortodoxa no remate da súa vida (1910).

O servizo militar é para Tolstói anticristián e antinatural, e os cristiáns tiñan que revelar-se contra el; pero ensínaselle a submisión a el xa desde nenos. Cómpre abolir o estado represor que leva, entre outras cousas, a isto. Cómpre unha resistencia pacífica contra o mal que xera violencia; Tolstói chama á desobediencia civil, que logo practicaría amplamente Gandhi.

Lev Tolstói desenvolve estas teses de xeito reiterativo en doce capítulos de títulos expresivos: 1) *Desde que se fundó el cristianismo solo una minoria de personas ha profesado y profesa la doctrina de la no resistencia al mal con la violencia.* 2) *Consideraciones de creyentes y*

ateos sobre la cuestión de la no resistencia al mal con la violencia. 3) La comprensión errónea del cristianismo por parte de los creyentes. 4) ... por parte de los hombres de ciencia (...) 9) La aceptación de la doctrina cristiana de la vida libera a los hombres de las desgracias de nuestra vida pagana. 10) La inutilidad de la violencia para reprimir el mal

estatal (...) 12) Conclusión: Arrepentíos porque el reino de Dios esta a las puertas.

Un libro pouco coñecido no noso país, que agora podemos ler, e resulta sumamente valioso e actual, a pesares de que podemos discrepar en algunhas cousas.

Victorino Pérez Prieto